

O proxecto consiste en que o alunado da clase, por grupos, expoña unha unidade completa ou ben parte dunha unidade do programa. Para iso organizarán-se grupos dun mínimo de dous e un máximo de catro membros, que deberán escoller o tema a expór, decidir cando se fará a exposición, seleccionar o tipo de exposición, procurar materiais e finalmente desenvolver e liderar a sesión ou sesións.

Durante todo o proceso previo de elaboración da sesión, cada grupo levará un diário do traballo feito. O profesor levará un control do diário e irá guiando o traballo e aportando as orientacións que resulten oportunas para que a exposición resulte o mais atractiva e adecuada posíbel aos obxectivos da unidade.

Todo o grupo deberá implicar-se de xeito equitativo no proceso e poderá consultar en calquer momento co profesor calquer aspecto relacionado co seu desenrolo.

Ao finalizar, tanto o grupo responsábel do traballo, como o resto da clase, farán unha valoración da exposición, que será tida en consideración en forma de nota cara á avaliación final do curso.

FASES DO TRABALLO

1. Escolla dos contidos a expór

A unidade didáctica a expór, ou ben unha parte dela, será seleccionada por cada grupo, entre as unidades Descartes. No caso de que un grupo quixese elaborar unha exposición especial sobre algun tema que non pertenza directamente ao temáριο Descartes, poderá facé-lo, sempre que se consulte a súa idoneidade co profesor.

Ao escoller o tema que se vai expór haberá que ter en conta a súa extensión, grao de profundización, grao de dificultade, encaixe no curso, relacións con outros contidos do curso, utilidades, actividades relacionadas, materiais complementares ...

2. Xustificación – necesidade – utilidades

Unha vez feita a escolla, deberá facer-se unha reflexión sobre os motivos que fan necesario ou que xustifiquen o interese no tema elixido, así como da utilidade práctica cara a resolución de problemas ou como instrumento para o desenvolvemento de outros temas.

3. Motivación introdutória

Como calquer exposición pública, haberá que preparar unha breve introdución que sexa ilustrativa da utilidade do que se vai explicar e que resulta motivadora para o auditorio, na medida do posíbel.

4. Contidos: conceptos – procedimientos – técnicas

Na exposición deberán ficar claros os conceptos que se van tratar, así como os coñecementos previos necesarios para que a exposición teña éxito.

Ademais tamén se explicarán con detalle os procedimientos e as técnicas propias da unidade, que serán as que se utilicen finalmente cara a resolución de problemas relacionados co tema que se está a tratar.

5. Exemplos – exercicios

Finalmente a exposición deberá contar con algunhas actividades, exemplos e exercicios nos que se porán en práctica os procedimientos e técnicas tratadas.

6. Conclusión

Unha vez rematada a sesión, fará-se unha conclusión final a modo de resumo, que poderá incluír algun debate, discusións, cuestións ou calquer outro elemento que fose oportuno.

7. Materiais de apoio

Cada grupo, dacordo co tema escollido, seleccionará aquelas fontes de información e materiais de apoio que sexan necesarios, de forma que o traballo resulte completo e atractivo. Estes materiais poden ser de elaboración propia ou allea e poderán consistir en follas de cálculo, imaxes, vídeos, páxinas web, presentacións ou calquer outra que se desexe.

8. Desenrolo da exposición

A sesión ou sesións nas que se expoña a unidade poderán ter diversos formatos, a decidir polo grupo, sempre co consello, orientación e supervisión do profesor.

Estes formatos da exposición poderán consistir nunha explicación oral en vivo, un vídeo no que se expliquen os contidos, unha presentación ou outros formatos semellantes, cos únicos requisitos de que haxa unha participación directa de todas as persoas que integran o grupo e que o traballo de exposición sexa orixinal.

9. Interacción co auditorio

Deberá ter-se en conta a posibilidade de interactuar co auditorio coa fin de resolver dúbidas, debater cuestións relacionadas co exposto, profundizar no tema, procurar distintos puntos de vista, atopar aplicacións, propór exemplos e exercicios, etc.

10. Valoración

Ao finalizar o proxecto o grupo responsábel fará unha valoración do traballo feito, contemplando aqueles aspectos que resultaron mais interesantes, as dificultades atopadas e, en xeral, todo aquilo que fose salientábel.

De igual xeito, o resto da clase fará unha valoración da exposición na que se terán en conta todos aqueles factores que contribuíran á calidade final da mesma.

Por último o profesor tamén fará a súa propia valoración do traballo completo, tanto no seu desenvolvemento previo como no resultado final da sesión explicativa.

Todas as valoracións serán tomadas en consideración cara a cualificación final do traballo, que ademais contará a cada un dos membros do grupo dentro da cualificación final de curso.

Ficha do traballo		
Curso	3º ESO	
Integrantes do grupo (nome e apelidos)		
Tema da exposición		
Epígrafes	1	
	2	
	3	
	4	
	5	
Obxectivos	1	
	2	
	3	
	4	
	5	
Contidos	1	
	2	
	3	
	4	
	5	
Conceitos	1	
	2	
	3	
	4	
	5	

Procedimientos	1	
	2	
	3	
	4	
	5	
Materiais	1	
	2	
	3	
	4	
	5	
Temporización		
Valoracións	Grupo	
	Clase	
	Profesor	
Valoración final		